

**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO
Orde do 14 de maio de 2019 (DOG do 28.05.2019)**

AVALIACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS

En cumprimento do disposto na base oitava, apartado segundo, da Orde do 14 de maio de 2019 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2019, a comisión de valoración, rematado o prazo de cinco días hábiles para a realización de consultas e reclamacións sobre a listaxe provisional e resoltas estas, fai pública na páxina web <https://cooperacion.xunta.gal/> a listaxe definitiva coa puntuación obtida na primeira fase e a convocatoria das 18 persoas aspirantes coa maior puntuación na valoración dos méritos a unha entrevista persoal.

Como anexos a esta resolución publícanse os seguintes:

ANEXO I: Listaxe das puntuacións definitivas das persoas aspirantes na fase de avaliación dos méritos (por orde de puntuación).

ANEXO II: Data, hora e lugar de celebración da entrevista persoal ás 18 persoas aspirantes coa maior puntuación na valoración dos méritos.

ANEXO III: Criterios específicos a avaliar na entrevista.

As entrevistas realizaranse o **martes 30 e o mércores 31 de xullo**. Aquelas persoas candidatas que non se presenten perderán o seu dereito á bolsa.

Documento asinado electronicamente

A presidenta da comisión de valoración
Pilar Romero Rodríguez

